

A background image of a cosmos flower in bloom, with several buds and stems visible. The image is overlaid with a semi-transparent green filter. The text is white and green.

Tomño
CONCELLO

Primavera navegante primavera

PROGRAMACIÓN
CULTURAL

A field of cosmos flowers is shown with a soft, out-of-focus background. The image is overlaid with a vertical gradient that transitions from a light pink at the top to a teal color at the bottom. The text 'vera' is written in a large, white, sans-serif font, positioned in the upper left quadrant of the image.

vera

ra

cultura
cultura

cultura
cultura

Marzo



09
SAB

Que din as rumorosas Arctyc

Que din as rumorosas é unha comedia de creación colectiva na que 5 actrices e 1 bailarina sobreviven títanicamente ao día a día de ser muller... e artista.

21:00h

Auditorio Municipal (Goián)

Persoas adultas: 5€

#MesDaMuller

Marzo



10
DOM

Travesía Unicornio

Urdime

Un neno e o seu unicornio atópanse cunha xenia que lles promete facer realidade os seus desexos; estes deberán escoitarse, aceptarse e o máis importante, aceptar tamén os desexos das demais persoas para que se cumpran os propios.

17:30h

Auditorio Municipal (Goián)

Persoas adultas: **3€**

Menores de 12 anos: **1,5€**

#MesDaMuller

Marzo



24
DOM

Concerto de primavera

Coral Polifónica de Tomiño

A coral tomiñesa comezou a súa andadura no ano 1997 e dende a súa fundación recorreu comarcas veciñas, así como moitas outras de Galicia, España e Portugal, participando en numerosos intercambios, encontros e concursos.

19:00h

Auditorio Municipal (Goján)

De balde

#MesDaMuller

Abril



06
SAB

De algo hai que morrer

Malasombra Producións

De algo hai que morrer preséntase como unha conferencia fúnebre-comí-co-teatral na que dous prestixiosos pero peculiares científicos, os profesores Jeckill e Hyde, divulgan as súas investigacións sobre un tema que afecta ao cen por cen da poboación mundial: a morte.

21:00h

Auditorio Municipal (Goián)

Persoas adultas: **3€**

#PrimaverActiva

Abril



07
DOM

A illa da deslembanza Ártika

Onde rematan os recordos que non están ben amarrados? Quen se encarga de arrastrar da nosa mente todas esas historias vividas que non lembramos? Os recordos da avoa de Uxía van e veñen coma as ondas do mar e a súa mirada parece perderse nun océano profundo.

17:30h

Auditorio Municipal (Goián)

Persoas adultas: **5€**

Menores de 12 anos: **2,5€**

#PrimaverActiva

Abril



13
SAB

Concerto do Socio

Agrupación Musical de Goián

A Agrupación Musical de Goián, dirixida por Pedro Villarroel González, ofrece un concerto no marco da conmemoración do DÍA DO SOCIO para agradecer o apoio incondicional de todas as persoas asociadas.

20:00h

Auditorio Municipal (Goián)

De balde

#PrimaverActiva

Abril



20
SAB

IRIBARNE

Butaca Zero

IRIBARNE é unha investigación escénica sobre unha desas figuras absolutamente imprescindibles do noso pasado recente. Un intento (irreverente) por comprender como chegamos até aquí da man dun político que, nas súas propias palabras, dicía as verdades sen condón. Pero ollo: por máis que o poida parecer, isto NON é un biopic sobre Manuel Fraga. Teríanos encantado facelo... pero non collía nunha soa obra!

21:00h

Auditorio Municipal (Goián)

Persoas adultas: 7€

#PrimaverActiva

Abril



21
DOM

O secuestro da bibliotecaria

Sarabela Teatro

A señora Ernestina é a fermosa bibliotecaria da vila de Parangón. Aínda que é orfa e non ten familiares ricos, os bandidos desta peza decidiron secuestrala. Pretenden xerar un caos cultural que obrigue ás autoridades a pagar polo rescate da bibliotecaria.

17:30h

Auditorio Municipal (Goián)

Persoas adultas: **3€**

Menores de 12 anos: **1,5€**

#PrimaverActiva

Abril



27
SAB

Encontro de Bandas Escola

Organizado pola Agrupación Musical de Goián, unha oportunidade para gozar dun concerto variado e apoiar ao alumnado das escolas de música.


17:30h

Auditorio Municipal (Goián)

De balde

#PrimaverActiva

Maio



17
VEN

Conmemoración do Día das Letras Galegas

Tomiño volve conmemorar o Día das Letras Galegas cunha chea de actividades para poñer en valor o galego e fomentar o seu uso, especialmente entre a infancia e a mocidade. Por este motivo o Concello, en colaboración coa Xunta de Galicia e Deputación de Pontevedra, organizará diferentes obradoiros variados para todos os públicos e ofertará descontos nas librarías nas compras de libros en galego.

10:00h a 14:00h

Praza do Seixo

Todos os públicos

#LetrasGalegas

omix omix

omix **omix**

Marzo a abril



**DO 2 DE MARZO
AO 14 DE ABRIL**

Curso monitor/a lecer e tempo libre

As persoas asistentes a este curso teñen que ter 18 anos cumpridos e estar en posesión, como mínimo, do graduado escolar, título en ESO ou equivalente.

Duración: 200 horas (fase teórico-práctica) + 150 h. (fase de prácticas). Ao rematar toda a formación o alumnado acadará o título oficial, expedido pola Xunta de Galicia. Posibilidade de facer as prácticas durante o mes de xullo no noso campamento urbano.

Sábado e domingos

De 9:00h a 14:00h e de 15:00h a 20:00h

Escola Obradoiro de Goián

200€

350h

Marzo



16
SAB

Obradoiro de bordado sobre fotografía en tea

Neste obradoiro aprenderemos a transferir imaxes á tea e a bordar sobre elas.

A través de puntos planos e de relevo darémoslle cor e volume a unha fotografía. Non son necesarios coñecementos previos e todo o material vai engadido.

Grupo 1: de 9:30h a 13:30h

Grupo 2: de 16:00h a 20:00h

Praza Cultura (Goián)

20€

4h

Abril e Maio



**5, 12, 19 E 26
DE ABRIL
E 3 E 10 DE
MAIO**

Curso de horticultura ecolóxica

O alumnado asistente coñecerá de xeito teórico-práctico as bases da produtividade do cultivo ecolóxico e as labores en horticultura; que, cando, como plantar e manter a horta. Tamén se abordarán a recolección e conserva dos alimentos.

De 18:00h a 20:00h

Escola Obradoiro de Goián

15€

12h

Maio



4 e 11
de maio

Obradoiro de bailes de serán

Presentamos nestas aulas un baile libre de medos, de estereotipos, de xéneros e de discriminación, no que cada persoa poida expresar e sentir o gozo do movemento e a faceta social e liberadora do mesmo. Impartido por André Adrio.

De 10:00h a 14:00h

Auditorio Municipal (Goñán)

15€

4h

Maio



25
SAB

Obradoiro de construción de pandeiretas

As persoas asistentes poderán escoller o tipo de pandeireta que queren facer: 9 pares, chapas recicladas... e levala para casa! O obradoiro será impartido por persoal de SANÍN PERCUSIÓN TRADICIONAL, con experiencia no deseño e fabricación de instrumentos de percusión da Galiza. Este obradoiro é froito do amor á música tradicional.

De 10:00h a 14:00h

Praza Cultura (Goián)

20€

4h

Venda de entradas: Auditorio de Goián

Av. Pío Troncoso, 90, 36750,
Pontevedra.

**A entrada debe mercarse
presencialmente, ata unha
hora antes do espectáculo.**

Prim Pr

Máis información:

tomino.gal

cultura@tomino.gal

+34 604 06 23 69

Praza do Seixo, 136740 Tomiño